

OS RÍOS

Conceptos

Afluente: Corrente de auga que desemboca nun río
Caudal: Cantidade de auga que leva un río .
Cunca: Zona que verte as augas a un río
Curso alto: Tramo do río no que hai unha forte actividade de arrastre de materiais
Curso baixo: Tramo do río no que se van depositando os materiais transportados
Curso medio: Tramo do río no que domina actividade de transporte de materiais
Delta: Illa ou conxunto de illas que conforman un triángulo na desembocadura dun río entre os brazos deste.
Esteiro: Lugar onde desemboca unha corrente de auga no mar de modo que forma un golfo
Ría: Entrada prolongada do mar na terra asolagando a parte final dun río
Río: Corrente de auga que desemboca no mar ou noutro río .
Vertente: Conxunto de terras con augas que van parar ó mesmo mar.

Os ríos de Galicia

Características xerais.

Os ríos de Galicia son cortos e caudalosos , xa que o clima oceánico propicia un réxime de chuvias , en xeral constante , ao longo do ano .

Os ríos que discurren en dirección leste-oeste , son os da vertente atlántica . Entre eles están os seguintes :

Miño, Tambre, Ulla , Anllóns, Oitavén , Xallas , Eume Mandeo e Lérez

Os ríos que discurren en dirección sur-norte son os da vertente cantábrica . Entre eles están os seguintes : Sor , Eo e Landro .

O aproveitamento dos ríos.

Os principais aproveitamentos dos ríos en Galicia son a produción de enerxía hidroeléctrica , a pesca fluvial e o rego.

Galicia é unha das maiores produtoras de enerxía eléctrica de España . Sendo os encoros as construcións que permiten este aproveitamento.

Outros usos que teñen certa tradición secular é a dos muiños , para poder moer o gran. E nalgúñas zonas como vía de comunicación.